



## CURSO 2024-2025

# SOLICITUDE PRAZA DE NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Comunícase a todos/as interesados/as que dende o día 1 ao 22 de abril de 2024 está aberto o prazo para formalizar a solicitude de praza para o curso 2024/2025 para todos os nenos e nenas que desexen solicitar por primeira vez unha praza na Escola Infantil Municipal de San Cibrao das Viñas.



O impreso para formalizar este trámite estará a disposición dos/as interesados/as nas oficinas municipais e tamén na sede electrónica do Concello, coa relación da documentación que se deberá achegar xunto coa solicitude.



As listas provisionais así como as definitivas faranse públicas, sempre que sexa posible, durante o mes de maio, no taboleiro de novas, na páxina web, na sede electrónica do Concello e na Escola Infantil Municipal.



San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica.

